

**INSTRUCCIÓN DA XERENCIA 3/2026 POLA QUE SE
REGULA O DESENVOLVEMENTO DO PECHE DOS
CENTROS, INSTALACIÓNS E DEPENDENCIAS DA
UNIVERSIDADE DE VIGO E A DECLARACIÓN DE DÍA NON
LABORABLE O 4 DE SETEMBRO DE 2026**

Consonte o disposto no apartado 7 da Instrución da Xerencia 9/2025, do 19 de decembro, do calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2026 do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos desta Universidade e,

En virtude das atribucións conferidas á Xerencia polos Estatutos da Universidade de Vigo, dítanse as seguintes instrucións:

1. Peches de centros, instalacións e dependencias

Todos os centros, instalacións e dependencias da Universidade de Vigo permanecerán pechados dende o día 3 ao 14 de agosto, incluídos, agás as seguintes excepcións que prestarán servizos en horario de 9 a 14 horas:

UNIDADE	Nº MÍNIMO EFFECTIVOS	MOTIVO
Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento (SAID)	2	Impulso e tramitación das fases procedimentais (incluído o asesoramento) que correspondan á Universidade de Vigo relacionada con iniciativas ou convocatorias, doutras entidades públicas, dirixidas a financiamento, subvención ou concesión de axudas á investigación, proxectos e accións de investigación.
Servizo de Recursos Humanos de Investigación (SRHI)	2	Realización dos trámites en materia de RRHH de investigación por convocatorias de captación de persoal que garantan a dispoñibilidade dos prazos ou períodos para a realización de trámites nas datas do peche estival.
Servizo de Persoal Docente e Investigador (SPDI)	2	Tramitación dos procedementos relativos á vinculación de persoal docente e investigador que garantan a incorporación a partir do primeiro día do mes de setembro.



UNIDADE	Nº MÍNIMO EFFECTIVOS	MOTIVO
Área das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (ATIC)	3	Control e mantemento permanente da rede corporativa e servizos dependentes. Control e mantemento permanente do aloxamento de portal web, correo electrónico e servizos dependentes. Atención de incidencias.
Centro de Apoio Científico Técnico á Investigación (CACTI)	3	Vixilancia e mantemento de instrumentación científica.
Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO)	2	Asistencia e mantemento de animais.
Centro de Investigacións Mariñas (CIM)	2	Asistencia e mantemento de cultivos mariños e fauna mariña.
Unidade de Servizos Xerais -Xardinería	1	Mantemento de plantas e zonas verdes.

2. Acceso a centros, instalacións ou dependencias nos días de peche

O persoal autorizado para realizar actividades durante o peche deberá contar con tarxeta de acceso que utilizará na entrada e na saída. De nos ser así ou para comunicar incidencias pode dirixirse ao chamará é empresa encargada da vixilancia:

- Campus de Pontevedra : 626 606 625
- Campus norte de Ourense : 649 357 934
- Campus sur de Ourense : 696 512 802
- Campus de Vigo : 608 896 060

3. Apertura do curso académico

Declárase non laborable o venres día 4 de setembro de 2026, polo que permanecerán pechadas as dependencias universitarias. Porén, e por causa da axenda das autoridades asistentes, o acto oficial de apertura conxunta do curso académico 2026/2027 das universidades galegas terá lugar o martes día 8 de setembro na Universidade de Vigo.

4. Vacacións e permisos

Aplicarase o previsto na punto 7.1 b) e 8 da Instrución 9/2025 de 19 de decembro sobre calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2026 do persoal técnico,



de xestión e de administración e servizos da Universidade de Vigo.

Vigo, asinado dixitalmente

A xerenta,

Ana M. Comesaña Álvarez

